

Segundo o disposto no artigo 7.1º da orde da convocatoria, constituíuse a comisión de selección, que, unha vez estudadas as solicitudes presentadas, emitiu, con data do 31 de xullo de 2006, unha proposta provisional de resolución. Transcorrido o prazo previsto para a presentación de alegacións contra esta proposta provisional reúnese novamente a comisión e, con data do 7 de setembro de 2006, levantou acta da proposta de concesión de axudas, que elevou á conselleira para a súa aprobación e publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En consecuencia, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Artigo único.-Conceder as axudas para a realización de proxectos de innovación educativa para a incorporación das tecnoloxías da información e a comunicación á educación para o curso 2006/2007, aos centros e coas dotacións que se relacionan no anexo a esta orde.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Centros seleccionados:

Nome do centro	Localidade	Provincia
IES Aquis Celenis	Caldas de Reis	Pontevedra
CPI San Sadurniño	San Sadurniño	A Coruña
IES Pazo da Mercé	As Neves	Pontevedra
IES Lamas de Castelo	Carnota	A Coruña
IES Agra de Orzán	A Coruña	A Coruña
IES Nosa Señora dos Ollos Grandes	Lugo	Lugo
IES Carballo Calero	Ferrol	A Coruña
CEIP Arzúa	Arzúa	A Coruña
CEP Redondela	Redondela	Pontevedra
IES de Celanova	Celanova	Ourense

Dotación e apoios que recibirá cada un dos centros seleccionados:

a) Un kit multimedia composto por un encerado dixital interactivo, un proxector e seis ordenadores portátiles, que se enviará no primeiro trimestre do curso académico 2006-2007.

b) Dotación económica de 1.000 €.

c) Formación en TIC e asesoramento para o profesorado do centro para un mellor aproveitamento dos recursos informáticos e da súa incorporación á docencia.

d) Un espazo web para facilitar a creación e organización de materiais e recursos educativos por medio das tecnoloxías da información e da comunicación.

e) A difusión das experiencias a través da rede e a publicación dos materiais educativos producidos.

Orde do 18 de setembro de 2006 pola que se establece unha segunda convocatoria de axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2006 e se aproban as súas bases reguladoras.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no artigo 31, establece a competencia plena para o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias e sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que o desenvolven.

No Decreto 211/2005, do 3 de agosto, estableceuse a actual estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 232/2005, do 11 de agosto, a dos seus departamentos, establecendo no seu artigo 5 a estrutura básica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Esta consellería conta, entre os seus centros directivos, coa Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, á que corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de formación profesional, ensinanzas de réxime especial e educación de adultos, de acordo co establecido no Decreto 585/2005, do 29 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, como órgano da Administración autonómica responsable do exercicio das competencias e funcións en materia de políticas educativas, debe potenciar as novas tecnoloxías da información e comunicación co obxectivo de contribuír á creación de mellores condicións para o desenvolvemento económico, social e cultural, e á mellora da calidade de vida dos cidadáns.

Para facilitar o uso das novas tecnoloxías a aqueles colectivos que teñan menor posibilidade de acceso a elas a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considerou como un dos seus obxectivos proporcionar axudas aos alumnos de niveis non universitarios para a adquisición de equipamentos informáticos co obxecto de incrementar o número de fogares na comunidade autónoma que dispoñen de equipamento informático adecuado, procedendo á convocatoria da Orde do 30 de marzo de 2006 que rematou coa Resolución do 27 de xullo de 2006.

Esta segunda convocatoria axústase ao disposto no artigo 78 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e ao Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que o desenvolve e, en concreto, no relativo aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas e subvencións, así como ás normas básicas da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Por todo isto,

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta disposición ten por obxecto establecer as bases para regular a concesión de 4.445 axudas, en réxime

de concorrência competitiva, ao alumnado de niveis non universitarios que adquiran un ordenador persoal no ano 2006.

Artigo 2º.-Orzamento.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará as anteditas axudas con cargo á partida orzamentaria 09.03.323A.780.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cun total orzamentario de 1.333.500 €.

Artigo 3º.-Destinatarios.

Poderán solicitar as axudas os pais, nais ou titores legais do alumnado que reúna os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado/a no ano escolar 2006-2007 nun centro educativo sostido con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia en calquera dos cursos de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

b) Adquirir ou ter adquirido un ordenador persoal de primeira man, de sobremesa ou portátil, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 30 de novembro de 2006. O ordenador persoal de sobremesa estará composto, como mínimo, pola CPU, un teclado, un rato e unha pantalla.

c) Ser o único membro da unidade familiar para o que se solicita a axuda.

d) Non ter recibido esta axuda a unidade familiar en anterior convocatoria.

Artigo 4º.-Solicitudes e documentación.

1. Os que desexen optar á axuda deberán completar, on-line, a solicitude e anexos que como formulario electrónico se atoparán na páxina web: <http://www.edu.xunta.es/axudasord>. Posteriormente, e sempre antes de que remate o prazo establecido no punto 2 deste artigo, presentarán esa mesma solicitude impresa e anexos, debidamente asinados, no Rexistro da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano, s/n, código postal 15781, en Santiago de Compostela), ou ben por calquera dos medios previstos para a presentación de instancias no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Se a solicitude se remite por correo, presentarase en sobre aberto para que sexa datada e selada polo funcionario de correos antes de proceder á súa certificación.

Rexeitarase calquera solicitude que non se formalice segundo o indicado no parágrafo anterior.

De acordo co establecido no artigo 71 da citada Lei 30/1992, do 26 de novembro, naquelas solicitudes en que non se acheguen os requisitos sinalados, requirirase ao interesado para que nun prazo de dez días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos; de non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente, nos termos previstos no precitado artigo.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

3. Para os efectos do disposto na disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os solicitantes deberán consentir expresamente á Administración concedente a incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no citado decreto, os datos relevantes referidos ás axudas recibidas.

A reserva que o petionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

4. Ás solicitudes achegarase a seguinte documentación:

a) Copia do DNI do solicitante (pai, nai u titor legal) ou, se é o caso, do NIE (número de identidade de estranxeiro).

b) Fotocopia compulsada do libro de familia no que figuren todos os membros da unidade familiar (pai, nai, fillos menores de dezoito anos e fillos de dezoito ou máis anos con algunha minusvalidez).

c) Autorización do solicitante e doutros membros da familia cuxos ingresos son computables para coñecer os ingresos totais da unidade familiar, coa finalidade de poder recadar datos de carácter tributario ou económicos que foran legalmente pertinentes á Axencia Estatal de Administración Tributaria relativos ao nivel de renda (IRPF). A autorización cubrirase segundo o modelo que figura no anexo III. Na medida en que, a través deste sistema a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poida dispoñer das ditas informacións, non se exixirá aos interesados a achega individual de certificacións expedidas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, nin a presentación, en orixinal, copia ou certificación, das súas declaracións tributarias.

d) Declaración responsable do solicitante de percibir ou non outro tipo de bolsa ou axuda das Administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades públicas, para a adquisición de ordenadores, segundo modelo do anexo II.

e) Fotocopia compulsada do certificado de minusvalidez no caso de que algún membro da unidade familiar teña esa condición.

f) Documento orixinal, facilitado pola entidade bancaria, acreditativo da existencia dunha conta bancaria aberta a nome do solicitante (pai, nai ou titor legal), en que conste o código da conta do cliente comprensivo dos códigos que identifican o banco ou caixa, a oficina, o dígito de control e o número de conta.

Artigo 5º.-Criterio de valoración.

1. En primeiro lugar adxudicaranse as axudas ao alumnado de 5º e 6º de primaria e 1º e 2º de ESO.

2. De non cubrirse o número de axudas ofertadas co alumnado mencionado no punto 1, adxudicaranse as axudas ao alumnado de 3º e 4º da ESO e 1º, 2º, 3º e 4º de primaria coa seguinte prelación: 3º, 4º da ESO, 4º, 3º, 2º e 1º de educación primaria.

3. O criterio de valoración que se terá en conta para conceder estas axudas será o do nivel de ingresos da unidade familiar.

4. Os ingresos determinantes do dereito á axuda virán referidos aos ingresos familiares, que se fixarán en función da contía, en número de veces o salario mínimo interprofesional, corrixida segundo se establece no punto 6 deste artigo, da parte xeral e especial da base imponible reguladas nos artigos 38 e 39, respectivamente, do Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, correspondente á declaración (ou declaracións) presentada por cada un dos membros da unidade familiar relativa ao período impositivo inmediatamente anterior (con prazo de presentación vencido) á solicitude de axuda. Para tal efecto, atenderase ao importe comprobado pola Administración tributaria. Se o representante legal ou os membros da unidade familiar do solicitante non presentasen declaración, por non estaren obrigados, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante a información de carácter tributaria ou económica facilitada pola Administración tributaria, relativa ás mencionadas parte xeral e especial da base reguladas nos artigos 38 e 39, respectivamente, do Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo.

5. Para efectos desta orde, enténdese por ingresos familiares os referidos á unidade familiar tal e como resulta definida polas normas reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas. As referencias á unidade familiar para efectos de ingresos fanse extensivas ás persoas que non estean integradas en ningunha unidade familiar.

6. Aos ingresos familiares aplicaráselles un coeficiente multiplicativo corrector, en función do número de membros da unidade familiar:

Número de membros da unidade familiar	Coeficiente Corrector
1 ou 2	1,00
3	0,97
4	0,93
5	0,88
6 ou máis	0,83

No caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado con minusvalidez, nas condicións establecidas na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas, o coeficiente corrector aplicable será o do tramo seguinte ao que lle correspondese sen esta consideración.

7. Todas estas circunstancias valoraranse unicamente no caso de que da documentación que figura no expediente, se poida deducir claramente o seu contido en virtude de certificacións orixinais ou copias compulsadas delas. En caso contrario, non se terán en conta para a adxudicación da contía destas axudas.

Artigo 6º.-Importe das axudas.

1. O importe de cada unha das axudas destinarase a sufragar parte dos gastos derivados da adquisición dun ordenador persoal.

2. Estas axudas son compatibles co aproveitamento de calquera outro tipo de axudas de institucións públicas ou privadas destinadas á adquisición de ordenadores.

3. O importe da axuda será de 300 €. En ningún caso o importe da axuda será tal que, illada ou en concorrencia con outras axudas ou subvencións doutras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do ordenador.

Artigo 7º.-Comisión de avaliación.

A selección dos beneficiarios será realizada por unha comisión de avaliación integrada por:

-O subdirector xeral de Ensinanzas Especiais e Formación Permanente, que actuará de presidente.

-O xefe do Servizo de Ensinanzas de Réxime Especial.

-O xefe do Servizo de Xestión Económica e Educación de Adultos.

-Un representante da Subdirección Xeral de Sistemas Informáticos.

Actuará como secretario un funcionario da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica só para os efectos de colaborar na valoración dos documentos achegados segundo o previsto no punto 4 do artigo cuarto. Os membros da comisión poderán percibir axudas de custo por asistencia e axudas para gastos de locomoción por concorrer ás sesións conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño (DOG do 25 de xuño).

Artigo 8º.-Tramitación e resolución.

1. Unha vez valoradas as solicitudes conforme os criterios fixados no artigo 5º desta orde, a comisión de avaliación elevará un informe-proposta de adxudicatarios e unha lista de reserva ao director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, que resolverá por delegación da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

2. A resolución da solicitude de subvención seralles notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de seis meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se dite resolución expresa, deberá entenderse desestimada a petición correspondente. Esta resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderán interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que resolveu, no prazo dun mes, na forma e condicións que determina a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ser impugnadas directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir

do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3. Os solicitantes a quen se lles denegue a subvención disporán dun prazo dun mes, contado a partir da comunicación da resolución, para retiraren a documentación presentada. Transcorrido o dito prazo, esta destruírase.

Artigo 9º.-Pagamento.

Unha vez concedida a subvención e notificada a resolución, e logo da presentación do xustificante de ter adquirido o ordenador persoal e da declaración a que se refire o punto 3 do artigo 10º desta orde, a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais efectuará a correspondente proposta de pagamento.

Artigo 10º.-Xustificación da axuda.

1. O período para xustificar estas axudas abranguerá ata o 5 de decembro de 2006 inclusive.

2. Os beneficiarios deberán xustificar a adquisición do ordenador persoal a través de factura orixinal ou fotocopia compulsada dela, que deberá estar a nome do solicitante ou do beneficiario. Na factura deberán figurar con detalle as características do ordenador adquirido.

3. Presentar, no momento da xustificación da axuda concedida e, en calquera caso, antes do pagamento, unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas para a adquisición de ordenadores, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, das administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades; segundo o modelo do anexo II.

Artigo 11º.-Obrigas do beneficiario.

1. Xustificar os gastos da adquisición do ordenador persoal tal e como se establece no artigo 10º desta orde.

2. Comprometerse a manter o ordenador adquirido para a finalidade obxecto desta orde e a disposición do beneficiario durante un período mínimo de catro anos.

3. Estar sometido ás actuacións de comprobación que efectuará a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa axuda concedida, e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Artigo 12º.-Reintegro ou modificación da subvención.

1. Procederá o reintegro nos termos e supostos previstos nos artigos 19 e 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.

c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención doutras subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da axuda.

Artigo 13º.-Renuncias.

Se por calquera circunstancia o beneficiario non puidese adquirir o ordenador persoal, deberá presentar unha renuncia á subvención concedida.

Os destinatarios das axudas que renuncien a ela serán substituídos pola Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais de acordo coa lista de reserva.

Disposicións adicionais

Primeira.-Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias das axudas previstas nesta orde.

Segunda.-En todo caso, a concesión das axudas terá como límite a cantidade consignada na correspondente aplicación orzamentaria para o ano 2006.

Terceira.-Os beneficiarios destas axudas quedan suxeitos ao réxime de infraccións e sancións previstas para esta materia no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, no disposto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, e demais normas de procedente aplicación.

Disposición derradeira

Primeira.-Facúltase o director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para ditar cantas disposicións sexan precisas en relación con esta orde.

Segunda.-Esta orde adáptase ás normas básicas aplicables do texto articulado da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e ás do seu desenvolvemento; élle igualmente de aplicación o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. O Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia será de aplicación en todo aquilo que non se opoña aos preceptos legais citados.

Terceira.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 2006.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS A ALUMNOS/AS DE NIVEIS NON UNIVERSITARIOS PARA A ADQUISICIÓN DUN ORDENADOR PERSOAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO ED514A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE (PAI, NAI OU TITOR LEGAL)

APELIDOS	NOME	DNI / NIE
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO FIXO
		TELÉFONO MÓBIL

DATOS BANCARIOS E CÓDIGO DA CONTA DO PAI, NAI OU TITOR LEGAL

CÓDIGO BANCARIO	CÓDIGO SUCURSAL	D.C.	CÓDIGO DA CONTA

DATOS DO/A ALUMNO/A

APELIDOS	NOME	DNI / NIE
CURSO NO QUE ESTÁ MATRICULADO		
EDUCACIÓN PRIMARIA 1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ 4º ☐ 5º ☐ 6º ☐ EDUCACIÓN SECUNDARIA 1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ 4º ☐		

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR

Nº DE MIEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR (pai, nai e fillos menores de dezoito anos):	Nº DE MIEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR CON MINUSVALIDEZES:

CONSINTO expresamente á Administración educativa a inclusión e publicidade nos rexistros correspondentes dos datos relevantes referidos á axuda recibida.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

- ☐ Copia do DNI do/a solicitante (pai, nai ou titor legal) ou, no seu caso, do NIE.
- ☐ Fotocopia do libro de familia na que figuren todos os membros da unidade familiar.
- ☐ Autorización do/a solicitante e dos demais membros computables da unidade familiar para que Administración educativa solicite datos tributarios (anexo III).
- ☐ Fotocopia compulsada do certificado de minusvalidez do/s membro/s da unidade familiar se os houber.
- ☐ Documento orixinal facilitado pola entidade bancaria acreditativo da conta a nome do/a solicitante (pai, nai ou titor legal).
- ☐ Declaración responsable de percibir ou non outras axudas para a mesma finalidade (anexo II).

Don/Dona _____ director/a do centro _____,

CERTIFICO:

Que o/a alumno/a está matriculado neste centro e no _____ curso de educación _____;
que os datos que figuran neste impreso foron cotexados cos documentos correspondeentes. En consecuencia, está conforme con esta solicitude.

O/A director/a

Selo

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 18 de setembro de 2006 pola que se establece unha segunda convocatoria de axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2006 e se aproban as súas bases reguladoras.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA / / DATA DE EFECTOS / / DATA DE SAÍDA / /
SINATURA DO/A SOLICITANTE _____ de _____ de 200		

Director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
Xunta de Galicia. Edificio Administrativo San Caetano, s/n - 15781 Santiago de Compostela (A Coruña).

ANEXO II**DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA DO CONXUNTO DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS PRESENTADA POLO/A SOLICITANTE**

D/Dña. _____, con enderezo en _____
e NIF/NIE nº _____

Tendo presentada unha solicitude de axudas ao abeiro da Orde do _____, pola que se establece unha segunda convocatoria de axudas ao alumnado de niveis non universitarios para a adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2006 e se aproban as súas bases reguladoras.

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- ☐ Que solicitou ou obtivo as seguintes axudas de calquera Administración ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades en relación co proxecto obxecto desta solicitude:

	ORGANISMO	DATA SOLICITUDE/RESOLUCIÓN	DISPOSICIÓN REGULADORA
AXUDAS SOLICITADAS			
AXUDAS CONCEDIDAS			

- ☐ Que non solicitou ningunha axuda distinta desta para a adquisición dun ordenador persoal durante este ano.

E, para que así conste, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

En _____, ____ de _____ de 2006

(sinatura do pai, nai ou titor legal)

ANEXO III**MODELO DE AUTORIZACIÓN DO/A INTERESADO/A PARA QUE A DIRECCIÓN XERAL DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINANZAS ESPECIAIS POIDA RECADAR DATOS TRIBUTARIOS Á AXENCIA TRIBUTARIA RELATIVOS AO NIVEL DE RENDA (IRPF)**

A/s persoa/s abaixo asinante/s autoriza/n a Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais a solicitar á Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da axuda para adquisición dun ordenador persoal durante o ano 2006.

Esta autorización outórgase para os efectos de recoñecemento, seguimento e control da subvención e/ou axuda mencionada anteriormente, e en aplicación do disposto pola disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto legislativo 3/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e no artigo 85.1º k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, logo da autorización do/a interesado/a, a cesión dos datos tributarios que precisen as AA.PP., para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA: DATOS QUE POSÚA A AXENCIA TRIBUTARIA DO IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EXERCICIO 2005**A. DATOS DO/A SOLICITANTE DA AXUDA DETALLADA QUE OUTORGA A AUTORIZACIÓN**

APellidos e Nome	NIF / NIE
Sinatura	

B. DATOS DOUTROS MEMBROS DA FAMILIA DO/A SOLICITANTE CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECIMENTO, SEGUIMIENTO E CONTROL DA AXUDA

(Únicamente maiores de 18 anos)

PARENTESCO CO SOLICITANTE	NOME E APELLIDOS	NIF / NIE	SINATURA
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

En _____, ____ de _____ de 2006

Nota: a autorización concedida polo/a asinante pode ser revocada en calquera momento mediante escrito dirixido ao director xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

Orde do 15 de setembro de 2006 pola que establecen as bases reguladoras e se convocan bolsas de formación en biblioteconomía mediante a colaboración titorizada en diversos centros bibliotecarios.

A Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia ten, de acordo co Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27, parágrafo 18, a competencia exclusiva en materia de bibliotecas que non sexan de titularidade estatal, competencia recollida na Lei 14/1989, do 11 de outubro, de bibliotecas e o seu posterior desenvolvemento regulamentario. Consonte esta responsabilidade, é consciente de que un dos elementos fundamentais no funcionamento das bibliotecas é unha cualificación e formación técnica dos responsables destas. Por iso, a través da súa Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, vén ocupándose mediante cursos de formación, da instrución tanto básica como de perfeccionamento dos actuais e dos futuros bibliotecarios da Rede de Bibliotecas de Galicia. Esta formación, esencialmente teórica, non podería ser nunca completa se non se complementa coa realización de prácticas en bibliotecas que permitan non só unha completa formación nas diversas áreas destes centros, senón tamén un contacto diario e directo dos beneficiarios, durante un tempo suficiente, cos problemas e demandas reais dunha biblioteca ou centro de documentación, debidamente guiados por persoas con coñecementos e experiencia abondos, como medio de promoción profesional.

Por esta razón, a Consellería de Cultura e Deporte, a través da Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, realiza un plan de preparación de profesionais para a Rede de Bibliotecas de Galicia, a través de bolsas de formación mediante a colaboración titorizada en diversos centros dependentes desta.

Por todo isto,

DISPÓÑO:

Artigo 1º

1. Convócanse bolsas de formación en biblioteconomía mediante colaboración titorizada na organización e descrición de fondos e actividades de biblioteconomía en bibliotecas e centros de documentación, con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.352.A.482.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, por un importe de corenta mil seiscentos vinte euros (40.620 €), e mais de 2007, por un importe de douscentos catro mil trescentos euros (204.300 €), ata acadar unha suma total de douscentos corenta e catro mil novecentos vinte euros (244.920 €), que queda condicionada á existencia de crédito adecuado e abondo para o seu financiamento.

2. O número de prazas convocadas será de trinta e unha, que se adxudicarán mediante a aplicación do baremo indicado no artigo 5 desta convocatoria.

3. Os bolseiros realizarán as súas prácticas nos centros que sexan designados e serán coordinados e dirixidos pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte a través do persoal técnico debidamente cualificado, designado para tal efecto por aquela. A relación de centros en que deberán realizar as prácticas publicárase conxuntamente coa resolución de adxudicación das bolsas.

4. A bolsa terá carácter plurianual, cunha duración total de 12 meses, dos que dous corresponderán ao ano 2006 e dez ao 2007, contados a partir da data de incorporación que estableza a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellería de Cultura e Deporte.

5. As persoas seleccionadas, logo de aceptaren as bolsas, quedarán obrigadas a:

-Incorporarse aos centros dentro dos 10 días naturais seguintes ao da notificación do outorgamento.

-Asistir aos centros onde resulten destinadas, de acordo coas directrices que fixen os responsables da execución do programa de formación teórica e práctica.

-Entregarlles a estes, ao rematar o período de formación, unha memoria descritiva das prácticas realizadas.

-Presentar antes do primeiro pagamento unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

-Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

-Cumprir o compromiso de formación ata o remate do período de 12 meses establecido. De non mediar causa de forza maior, a renuncia ou o abandono da bolsa antes do remate suporá a inhabilitación da persoa interesada para a recepción destas bolsas nas tres convocatorias seguintes.

Ao rematar a actividade, os titores dos bolseiros entregarán na Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural, da Consellería de Cultura e Deporte, un informe sobre a actividade desenvolvida por estes.

Artigo 2º

1. Requisitos dos solicitantes:

-Titulación universitaria de licenciatura en biblioteconomía, historia ou filoloxía.

-Non percibir outra bolsa ou contrato remunerado durante o período de duración das reguladas por medio desta orde.